

TRABALLO SOCIAL PARA QUEN?

Hai uns días fixéronnos saber que o artigo: “[Consellos prácticos á hora de entrevistarte coa traballadora social](#)”, publicado na nosa web no mes de marzo, provocou numerosas reaccións negativas dentro do grupo de traballadoras sociais de atención primaria do Concello de Vigo. Nese texto expónse a estratexia a seguir á hora de abordar unha entrevista coa traballadora social -segundo as propostas de [Berri-Otxoak](#)- que a ODS-Coia tamén subscribía e asumía.

Para a ODS-Coia este asunto serviu para volver a pensar que postura tomamos fronte a un “*modelo de producir y de vivir que nos ahoga*”. Por iso refrendamos as palabras das xentes de [Alambique](#): “*no nos sirven ni las excusas ni las ayudas de miseria. En Asturias (tamén en Galiza) hay riqueza suficiente para todas. Es una cuestión de redistribución y justicia social.*”

Por iso queremos aproveitar estas reaccións para abrir o debate sobre o papel que poden xogar os profesionais do social. Parafraseando a Raúl Zibechi estes profesionais dende a súa posición de bisagra poden afondar a dependencia ou promover a emancipación das persoas fronte ao sistema.

Dito isto, pensando nunha persoa que fóra a solicitar a RISGA, queremos achegar varios datos que completan este consello:

“Compórtate con corrección y dignidad. Exponle objetivamente tu situación de falta de recursos pero no entres en detalles íntimos. A la trabajadora social no le interesa si tienes novio/a, y si te pregunta córtala. Ten en cuenta que si sospecha que tienes pareja (aunque no estéis registrados, ni muchos menos casado/a) tendrá en cuenta los ingresos de ambos. Y aunque ninguno de los dos tenga ingresos, lo que podrían ser dos Rentas Básicas separadas, se convierten en una, con una persona a cargo y la cuantía total sería menor.”

A este respecto, o **ordenamento xurídico vixente en relación á RISGA (Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social no artigo 10)** di sobre as unidades de convivencia:

1. *Unicamente se concederá unha renda de integración social de Galicia por unidade de convivencia independente.*
2. *Para os efectos previstos nesta lei, considerase unidade de convivencia independente as persoas que vivan soas, e, se é o caso, o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata cuarto e segundo grao respectivamente.*
3. *Malia o anterior, cando nunha unidade de convivencia existan persoas con menores ó seu cargo, considerarase que constitúen unha unidade de convivencia independente.*
4. *A unidade de convivencia independente beneficiaria non perderá esta condición cando por causa de forza maior, accidente ou desafuzamento se vexa*

obligada a residir con outra.

5. *Regulamentariamente determinaranse os supostos do marco físico de residencia colectiva que poidan ser considerados unidade de convivencia independente para os efectos deste artigo.*

Co fin de enriquecer o debate, dende a ODS-Coia pensamos que podería ser interesante contar coa opinión de profesionais relacionados coa cuestión. Deste xeito, a **avogada Esther Lora** apunta:

Que a “expresión relación análoga a la conyugal hace referencia a parejas de hecho inscritas en el Registro de la Xunta (que es el único que tiene efectos administrativos vinculantes). Eso exigen para cobro de pensiones, seguros, herencias...”

Tamén di que “el problema es que, cuando se trata de expedientes en el que se reconocen derechos o se hacen pagos, la interpretación de la Administración cambia, y se entiende por unidad familiar todas las personas que viven en un mismo domicilio con independencia de cuánto tiempo lleven, etc.”

“Si el propio interesado reconoce ese hecho, lo dan por probado. Si están empadronados en el mismo domicilio, también lo consideran unidad familiar a efectos de cómputo de ingresos.”

“Con la redacción de la ley en la mano, cualquiera de las dos opciones es admisible, por lo que, hasta que nadie lo lleve delante de un juez para unificar criterios, no hay mucho qué hacer.”

“Legalmente está claro que lo procedente sería exigir una unión estable de pareja registrada, que es la única forma legal de comprobar que se cumplen los requisitos.”

“El Decreto que desarrolla el tema del registro de parejas de hecho de la Xunta deja claro que es el único mecanismo de demostrar esa relación análoga a la conyugal, por lo que la seguridad jurídica y la teoría de los actos propios de la Administración, debe llevar a que ese sea el criterio para todo tipo de expedientes administrativos.”

Consultamos tamén a David Álvarez, profesor de ética do traballo social na **Universidade de Vigo**, quen opina desde o punto de vista deontolóxico:

- A persoa e “quen decide o grao de compromiso e corresponsabilidade nas relacións afectivas” que corresponden ao “eido da vida privada”. Continúa dicindo que “nin son do eido público nin están certificadas formalmente, nin está estipulado que sexan exclusivas con unha única parella”, polo tanto se hai que “discutir e xustificar as relacións coa traballadora social, xa deixan de ser do eido privado e se convierten en públicas. Un pode mentir ou calar ante unha pregunta improcedente. Non se viola ningún deber porque ninguén ten o dereito a saber ese dato.”

- Por exemplo “eu podo considerar que a miña relación conta como un “noviazgo” en serio e a outra parte considerala doutra forma. Quen decide isto, a

traballadora social?”

- Conclúe dicindo que “eu renuncio a facer oficial o meu proxecto de vida compartido cando decido non casarme, non inscribirme en ningún rexistro, etc... Deste modo estou sendo excluído oficialmente dos beneficios sociais e fiscais que gozan os matrimonios. É inxusto que me impoñan as cargas respectivas.”

Para David o interesante que a lei non contempla noivos ou parellas. Sinala que “é a interpretación do regulamento o que implica unha redución dos dereitos na práctica. Finaliza dicindo que o triste que (as traballadoras sociais) na práctica, por culpa dunha regulamentación discutible e matizable, se están posicionando no lado contrario ao interese do usuario: non se miente traballadora que se mete na túa vida. O Código Deontolóxico da profesión ten recursos para amparar aos profesionais e para demandar unha clarificación de normas potencialmente adversas aos intereses do usuario.

Agardamos que este texto sexa o comezo dun diálogo rico e sincero que permita afondar nas causas da inxustiza e desigualdade, axudando a responder a preguntas como:

- As políticas sociais están ao servizo do mantemento da estrutura ou da liberación das persoas?

- Son só instrumentos de control social ou loitan pola superación deste sistema fracasado?

- Os profesionais do social sirven ás grandes empresas (CLECE, EULEN...) ou á loita polo reparto da riqueza?

Coia, novembro 2012

ODS-Coia